



## Concello de Vigo

### ISAURA ABELAIRAS RODRÍGUEZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **23 de xullo de 2010**, adoptou o seguinte acordo:

**6.- DECLARAR DESERTA A LICITACIÓN DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DA DIRECCIÓN TÉCNICA DOS TRABALLOS DE MANTEMENTO DOS CAMPOS DE FÚTBOL DE BALAIÓDOS, A MADROA E BARREIRO. EXPTE. 7318/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta da Secretaria da Mesa de Contratación do 14.07.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

“1º.- Excluir do Procedemento aberto para a contratación dos servizos de dirección técnica dos traballos de mantemento dos campos de fútbol municipais de Balaidos, A Madroa e Barreiro (expediente 7318-333) os seguintes licitadores:

- DUNA INGENIERIA Y AREAS VERDES por non acreditar a solvencia técnica esixida para concorrer ó mesmo.
- CALDERON & ASOCIADOS e JOSE MANUEL CALDERON RGUEZ por incluír no sobre 2 “documentación acreditativa dos criterios valorables mediante xuízo de valor” criterios de adxudicación valorables mediante fórmula que deberían ter sido incluídos no sobre 3 (artigo 5.4 do PCAP)

2º.- Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación dos servizos de dirección técnica dos traballos de mantemento dos campos de fútbol municipais de Balaidos, A Madroa e Barreiro (expediente 7318-333) por ter sido excluídos do mesmo todos os licitadores presentados”.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a dous de setembro do ano dous mil dez.

mh



V. e Pr.  
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.